

TAMARA AREA VILACHÁ, en calidade de Representante Legal do Sindicato de Traballadores/as da Administración de Xustiza (STAJ), con DNI 32.706.462W e enderezo a efectos de notificacións no edificio de Tabacos sito na Rúa das Cigarreiras, 1 – A Coruña,

EXPONE:

Dende os xulgados do partido xudicial de Betanzos lévase pedindo persoal de reforzo de xeito reiterado, peticións que fóron apoiadas por **STAJ** sabedor da necesidade de máis persoal en cada xulgado que axude a rematar co atraso xerado por unha constante crecida de escritos e demandas no ámbito principalmente civil. Polo que cada ano vaise redundando un maior atasco e retraso que se fixo palpable en pouco tempo, e impediu un maior rendemento e eficacia no desenrolo das funcións e no trámite dos procedementos que se van demorando, causando un prexuízo ós cidadáns que acoden os referidos xulgados.

Resulta preciso reiterar novamente a solicitude á Dirección Xeral de Xustiza para que estude as estatísticas do partido xudicial de Betanzos (estatística que se adxunta), para que vexa o necesario que é un reforzo en cada xulgado; STAJ é coñecedor de antemán polos propios funcionarios das suspensións en varios procedementos provocando o mal funcionamento da xustiza e, por ende, as continuas queixas de profesionais e cidadáns en xeral.

É por iso que cremos que sen demora se debe designar por esa Dirección Xeral un funcionario de reforzo do Corpo de Tramitación ou Xestión en cada órgano xudicial, todo co gallo de atallar a crecente retraso na tramitación e despacho dos asuntos e procedementos en trámite.

A Coruña a 12 de decembro de 2022

DIRECCION XERAL DE XUSTIZA.

Rúa de Madrid 2-4, 2º andar.- S A N T I A G O